


## OBRA E AUTOR

: *Cautiva en Arabia, de Cristina Morató.*



## DE QUE VAI

Cristina Morató, tomando como base a obra autobiográfica “*Le Mari-passeport*” e coa aportación de Jaques d’Andurain, reconstrúe a historia da condesa Marga d’Andurain, unha muller que viviu unha vida aventureira máis propia dunha heroína de cine que dunha muller de principios do século XX.

## TÍTULO

O título, “Cautiva en Arabia” ás nosas sabias e sabios pareceulles moi inexacto, pois solo fai referencia a unha pequena parte de toda a historia que conta o libro, e a conclusión a que chegaron foi que falamos máis dun título sensacionalista que busca a venda da obra que un título que pretenda significar dalgún xeito a condensación do que imos achar nas súas páxinas. Ademais preséntasenos o libro como unha novela, un “best seller”, cando realmente falamos dunha obra biográfica, aínda que por momentos vaia algo máis aló e se aproxime o relato de viaxes ou a unha obra de aventuras clásica.

## ESTRUTURA

: A estrutura é moi liñal, como a maioría das obras biográficas. Malia isto, a autora, que mostra ter realizado unha ampla e extensa labor de documentación, insire notas arredor do momento histórico no que se desenvolve a historia, ou da vida doutras persoas, como as mulleres que marcaron o camiño vital de Marga d'Andurain. Tamén se serve das notas da propia protagonista ou do relato do seu fillo, o que se cita constantemente ó longo da obra.

## ARGUMENTO

Tamén moi liñal, non xurden subtramas, somentes os incisos que a escritora usa como mecanismo para axudarnos a situarnos no que está acontecendo en cada momento. Ó non estar falando dunha novela de ficción, o argumento como tal cínguese á narración da vida da protagonista. Non entanto, algunhas pasaxes, como a da estancia no cárcere arabe, manteñen certa tensión literaria.

## CONCLUSIÓNS

O primeiro que temos que ter en conta cando collemos o libro é que non falamos dunha novela clásica, se non dunha biografía algo máis extensa do normal. A partir disto topámonos cunha historia sen dúbida fascinante, con feitos reais e ben documentados protagonizados por unha muller que fixo cousas moi fora do común. As nosas sabias e sabios debateron longamente sobre o que puido impulsar á protagonista a facer todas esas fazañas; ¿foi un espírito de aventura fora do normal? ¿Ou simplemente unha serie de caprichos de nena malcriada que a levaban a teimar nunha tolemia detrás de outra e a aburrirse deseguido cando conseguía triunfar? ¿Movíase seguindo os ditados dun servizo de intelixencia ou os do seu propio corazón? Moitas dúbidas arredor da figura dunha muller real, que levou unha vida de película.

Malia todo o exposto, quizais o formato a medio camiño entre biopíc e libro de viaxes non acabou de convencer as nosas sabias e sabios, que houberan preferido ou ben unha obra biográfica de corte máis clásico e concreto nos feitos, ou unha historia totalmente novelada, coas súas tramas, as atmósferas literarias...